



## RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES PROVISORIAS DE SOLICITUDES ADMITIDAS A TRÁMITE E EXCLUÍDAS NO CADRO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA ERASMUS+ KA131 PARA PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR NO 2024 (1º PRAZO)

Mediante a resolución reitoral de 6 de outubro de 2023 publicouse a convocatoria de axudas para a participación do persoal docente e investigador no programa Erasmus+ no ano 2024, no marco da acción KA131 e no cadro dos proxectos 2022-1-ES01-KA131-000057193 e 2023-1-ES01-KA131-HED-000123668. Despois de finalizar o 1º período recollido nesta convocatoria para a presentación de solicitudes, e feita a revisión da documentación achegada, esta reitoría

### RESOLVE:

1. Publicar a relación provisoria de solicitudes admitidas a trámite no 1º prazo no Anexo I.
2. Publicar a relación provisoria de solicitudes excluídas no 1º prazo no Anexo II, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas poderán emendar os erros e a falta de documentación no prazo de **10 días hábiles**, que comezarán a contar ao día seguinte da publicación desta resolución. Estas alegacións deberán presentarse na [sede electrónica da Universidade de Vigo](#) mediante unha [instancia xenérica](#) (SXER - Instancia xenérica PAS/PDI) dirixida á Oficina de Relacións Internacionais (ORI).

Transcorrido este prazo, publicarase unha resolución coas listaxes definitivas de solicitudes admitidas e excluídas. Esta resolución poderá ser recorrida perante o órgano que a dite.

Vigo, na data da sinatura electrónica  
O REITOR,  
Por delegación R.R. do 31/10/2023 (DOG 10/11/2023)  
A Vicerreitora de Internacionalización

María Isabel Del Pozo Triviño

